

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A identidade persoal	Avoluntad na construción da identidade; ser cos demais;	33	12	X		
2	Unha sociedade máis humana	Problemas da sociedade actual; o cambio nas túas mans. Decidir non é tarefa doada	34	12		X	
3	A mellora da contorna común	As desigualdades son cosa de todos; Noticias falsas e manipulación. Conciencia social.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A identidade persoal	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Ser capaz de establecer criterios para analizar e valorar a imaxe de si mesmo.	PE	60
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar e ser quen de comunicar os propios sentimentos e afectos, e mostrar desexos de comprender e empatizar cos demais para lograr establecer unhas relacións positivas con outras persoas.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Mostrar certa autonomía moral a través da reflexión e o diálogo cos demais para enfocar problemas relacionados coa vida cotiá, como o uso seguro das redes sociais, as condutas adictivas e o acoso escolar.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Manifestar unha xestión de emocións e un autoconhecimento que lle permite recoñecer o estado emocional dos demais, valoralo e darlle unha resposta creativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha sociedade máis humana	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Comprender os conceptos fundamentais para desenvolver unha convivencia democrática comprometida co ben común.	PE	60
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Coñecer algúns moveentos asociativos e participar en actividades de grupo aplicando os procedementos e principios cívicos, éticos e domecráticos.	TI	40
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Emprender un compromiso activo co ben común e valorar as limitacións éticas da actividade científica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Mostrar unha toma de consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e os problemas que prantexa a discriminación.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Desenvolver unha posición propia sobre os dereitos humanos que contribúa á igualdade e ao benestar social.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Ser quen de actuar positivamente na consecución dun mundo máis xusto e democrático		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais.

Contidos

- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
3	A mellora da contorna común	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entender as problemáticas do mundo actual, identificando a súa complexidade, as causas que as provocan e comprendendo as dificultades das posibles solucións.	PE	50
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Comprender as propostas científicas en relación ao medio ambiente e as posibles intervencións para melloralo.	TI	50
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Amosar un comportamento acorde coa problemática medioambiental.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Manifestar unha xestión de emocións e un autoconecemento que lle permite recoñecer o estado emocional dos demais, valoralo e darlle unha resposta creativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.

Contidos

- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este terceiro curso da etapa o alumnado debe acceder ao coñecemento partindo dos seus centros de interese e do seu contorno máis próximo. As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais. Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas. Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Despois dos traballo individuais e grupais, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Persoais
Materiais

Tecnolóxicos
Dixitais
Espaciais

Os recursos persoais están formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes. Os materiais son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta. Os tecnolóxicos inclúen ordenadores, encerados dixitais, tabletas, e programas de edición de texto, audio e vídeo. Os virtuais realízanse a través da plataforma EdebeON+. Libro dixital rodeira Ademais, poderemos usar a Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe. Finalmente, os recursos espaciais son a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos do contorno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante a avaliación das competencias e contidos a través de actividades como ·choiva de ideas sobre as características propias da persoa, da sociedade, da democracia, do voluntariado, dos dereitos humanos. Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes do curso pasado en canto o desenvolvemento de cada alumno. A través da tutoría, recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar. A través do Departamento de orientación, pódense realizar ·Test de personalidade.

Realizaránse probas de comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a sociedade como por exemplo, diferentes tipos de modos de vida, etc.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Proba escrita	60	60	50	57
Táboa de indicadores	40	40	50	43

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

Realearase unha proba escrita na que os alumnos disporán de todo o material que teñan elaborado ao longo do

trimestre e pediráselles unha readacción sobre un tema amplo no que poidan desenvolver gran parte do contido do trimestre. Tamén se poderá orientar a redacción por medio de preguntas e mesmo valorar as repostas ás preguntas de xeito individual, de xeito directamente proporcional ao número de preguntas que se faga. Esta proba poderá ser substituída por un traballo trimestral, que poderá ser presentado de xeito escrito ou oral.

As tablas de indicadores se establecerán mediante as observacións das participacións e actitudes na clase, do respecto polos compañeiros, da capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e do grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte: Nota da primeira avaliación= nota da UD1 Nota da segunda avaliación= nota da UD2 Nota da terceira avaliación= nota da UD3

A nota final sera a media aritmética das notas reais, con dos decimais, das tres avaliacións. redondeándose os decimais á alza a partir do 0.5 e á baixa si non chegan ao 0.5.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere unha avaliación, realizarase unha proba de recuperación ó inicio da avaliación seguinte. A recuperación da terceira avaliación coincidirá co exame final da materia, ao cal haberán de presentarse os alumnos que teñan algunha avaliación pendente para poder recuperala. A cualificación de cada avaliación nestas recuperacións non superará os seis puntos.

A recuperación das avaliacións suspensas realizarase mediante un examen no que disporán de todo o material que precise e no que deberán contestar a preguntas relacionadas coas unidades didácticas da avaliación.

Este exame poderá ser substituído por un traballo sobre un tema consensuado co profesor.

Aos alumnos que, despois da recuperación do exame do terceiro trimestre, non cheguen a 4.5 na media das notas reais das tres avaliacións, faráselles un exame final con probas específicas para recuperar cada unha das avaliacións pendentes; as probas constarán de unha batería de preguntas correspondentes a cada avaliación que serán valoradas ata 10 puntos e que, caso de superar a nota da avaliación, se tomará esta última para a realización da media.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A cualificación dos alumnos con materias pendentes farase mediante dúas avaliacións. En cada unha de elas deberán dar conta do contido do 50% da materia aproximadamente; na aula virtual do Instituto expoñerase unha relación detallada dos temas que entran no exame de cada avaliación. A nota final será media das dúas avaliacións. Ao final de curso farase un exame no que entrarán os contidos de toda a materia; a este exame poden presentarse todos aqueles alumnos que non acadaran un 5 na media das avaliacións anteriores.

Non hai establecido horario para atención de estes alumnos, pero o profesorado atenderá as súas solicitudes e lles prestará a orientación que precisen ao longo do curso.

O seguimento do alumnado con materias pendentes levarase a cabo polo profesorado que lles imparta clase no curso actual; a elaboración das probas, así como a súa cualificación, correrán a cargo do xefe de departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento prestará especial atención a aqueles alumnos que amosen algunha necesidade especial, tanto si ven precedida de algún tipo de diagnóstico, como si é derivada da situación académica do alumnado en cuestión, como é o caso dos alumnos repetidores ou dos que teñan pendente algunha materia do Departamento. No primeiro caso se atenderán e aplicarán as indicacións do Departamento de orientación, tanto no relativo aos aspectos presenciais, como ás súas necesidades respecto das realizacións das probas. Realizaranse probas específicas adaptadas ás necesidades de cada alumno, habilitando os medios para que dispoñan de máis tempo para a realización das mesmas si é preciso ou para que podan facelas nas necesarias condicións, como os tipos de preguntas e o formato das probas (tipografía, tipo de letra, etc.), a utilización de mesas específicas, etc. No segundo caso, mediante accións dirixidas a vixilancia da súa atención en clase, do seu grao de entendemento das explicacións ou de realización das tarefas, tomando as medidas oportunas para intentar resolver as súas dificultades. Propóranse

actividades específicas de ampliación ou redución (sempre dentro dos estándares de aprendizaxe avaliábeis) para aquelas/es alumnas/os que por exceso ou por defecto así o requiran (podendo ser estes: lectura de libros, visionado de series documentais ou filmes, vídeos de distintas plataformas dixitais ou audiolibros) integrando deste xeito as competencias en TIC.) Avaliaranse os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada unidade segmentando as actividades máis complexas en outras máis curtas e limitarase o seu número. As probas escritas pódense adaptar, podendo complementarse de forma oral ou realizalas en computador no caso de presentar dificultades de escritura. Teranse en conta tamén as posibilidades do alumnado para acceder aos distintos medios e soportes analóxicos e dixitais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presencia a un xuízo	Asistencia a un xuicio oral na Audiencia Provincial de Pontevedra			X
Visita ao Parlamento de Galicia	Asistencia a unha visita organizada polo Parlamento de Galicia.		X	

Observacións:

Tentarase realiza unha actividade, concertada coa Audiencia Provincial de Pontevedra, na que os alumnos poidan asistir presencialmente a un xuicio que se considere de interese para desenvolver a temática do Dereito, a Democracia e os DDHH.

Asimesmo, tentarase participar en unha das visitas que organiza o Parlamento de Galicia destinadas ao alumnado de ESO.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- Obxectivos
2.- Temporalización
4.- Criterios de avaliación
7.- Distribución do tempo
8.- Estratexis de comprobación
Metodoloxía empregada
11.- Información

Medidas de atención á diversidade
6.- Coñecementos previos
12.- Alternativas
14.- Avaliación inicial
15.- Procedementos de avaliación
16.- Recuperación
17.- Criterios de cualificación
Clima de traballo na aula
9.- Normas de funcionamento
10.- Ambiente
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
3.- Flexibilidade
13.- Coordinación
Outros
5.- Introducción
Información aos pais

Descrición:

- 1.- Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.
- 2.- A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
- 3.- A programación facilitou a flexibilidade das clases para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.
- 4.- Os criterios de avaliación e calificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos mesmos.
- 5.- Antes de iniciar unha actividade fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.
- 6.- Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e construíronse sobre os seus coñecementos previos.
- 7.- A distribución do tempo na aula foi a adecuada.
- 8.- Utilizáronse estratexias para comprobar que os alumnos estaban entendendo e, no seu caso, que souberan pedir explicacións.
- 9.- Favoreceuse a elaboración de normas de funcionamento na aula.
- 10.- O ambiente en clase foi adecuado e produtivo.
- 11.- Proporcionouse aos alumnos información sobre o seu progreso.
- 12.- Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se acadou en primeira instancia.
- 13.- Existiu coordinación entre profesores.
- 14.- Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
- 15.- Utilizáronse diferentes procedementos e instrumentos de avaliación que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.
- 16.- Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia.
- 17.- Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.

18.- Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento ao longo do curso a través da aplicación PROENS e poñerase en común en a lo menos unha reunión de Departamento ao trimestre.

Ao final do curso realizarase o seguimento da programación e propondranse modificacións e propostas de mellora nos seguintes apartados:

Contidos específicos.

Criterios de avaliación.

Distribución temporal dos contidos.

metodoloxía didáctica.

Criterios de cualificación.

Materiais e recursos didácticos a utilizar.

Actividades complementarias extraescolares, culturais e de promoción.

Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.

En cada caso tomarase nota das modificacións realizadas ou propostas, os motivos que xustifiquen as mesmas, a data de modificación e o docente que a realizou ou a propón.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A materia de filosofía é unha optativa no curso de 4º da ESO. Se presenta como unha introdución práctica aos problemas filosóficos do ser humano. Ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirllle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como «preguntar radical» mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoa á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O saber filosófico	Introdución á orixe e fundamentos da filosofía	10	15	X		
2	Quen veño sendo?	Identidade persoal, de xénero e socio-cultural	20	25	X		
3	Ter ou non ter amigos?	A sociabilidade do ser humano	20	20		X	
4	Que significa coñecer?	Introdución aos elementos esenciais da teoría do coñecemento ou epistemoloxía	10	20		X	
5	É real o meu videoxogo?	Introdución aos problemas filosóficos da ontoloxía e/ou metafísica.	20	10			X
6	Son realmente libre?	Introdución aos problemas filosóficos da ética, estética e da filosofía política.	20	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O saber filosófico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Expresa de xeito oral / escrito o carácter radical da filosofía	PE	40
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Describe por escrito ou/e oralmente os rasgos distintivos da orixe da filosofía		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Articula un ensaio crítico empregando e comparando conceptos filosóficos	TI	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais		
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información no produto final presentado na aula		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. - O papel da muller na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen veño sendo?	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Explicar de xeito oral / escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente	PE	30
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describir oral ou por escrito os factores determinantes da personalidade humana		
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Articula un ensaio crítico empregando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade	TI	70
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e por escrito ás súas aportacións.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas dun xeito repectuoso e argumentativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica.
- A personalidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
3	Ter ou non ter amigos?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Comprender e reformular textos sobre o proceso de socialización nun comentario crítico	PE	50
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Articula un comentario crítico comparando teorías contrapuestas sobre a orixe do estado		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Expón oral ou por escrito unha reflexión filosófica		
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de <i>¿cultura¿</i> e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (natureza ou cultura)	TI	50
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta oralmente e/ou por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
4	Que significa coñecer?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (racionalidade / irracionalidade)	PE	60
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Comprender e reformular textos sobre o problema e o proceso do coñecemento nun comentario crítico		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Elabora un comentario de texto analizando comparativa, argumentativa e críticamente teorías sobre a verdade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula	TI	40
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
5	É real o meu videoxogo?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (realidade / nada)	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Comprender e reformular textos sobre a orixe e finalidade da realidade nun comentario crítico		
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Expoñer oralmente ou por escrito teorías contrapostas sobre o sentido da existencia		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula	TI	60
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elaborar individualmente e/ou en grupo unha presentación dun traballo seguindo as indicacións da tabo de indicadores		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Son realmente libre?	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (liberdade / determinismo)	PE	45
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico		
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Comprender e reformular textos sobre a beleza e a arte nun comentario crítico		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Analiza oralmente ou/e por escrito os factores da creatividade artística	TI	55
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Investigar e presentar oralmente ou/e por escrito o proceso creativo na figura dunha artista viva galega contemporánea		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elabora oralmente ou/e por escrito unha presentación seguindo as pautas da taboa de indicadores		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente ou/e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción.
- Determinismo e liberdade.
- Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.
- A arte e a procura da beleza.
- A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos.
- Técnicas e fases do proceso creativo.
- Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de filosofía en 4º da ESO ten un carácter lúdico, práctico e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina se busca contribuír a unha comprensión activa das grandes cuestións que a humanidade se leva plantexando dende sempre. Crítica porque só coas ferramentas filosóficas se acerca unha radicalidade (enraizamento) non egocéntrica, androcéntrica ou europa céntrica. Neste sentido e como materia optativa se orientara nun sentido lúdico e entretido, buscando adquirir unha perspectiva crítica aos grandes problemas contemporaneos.

Neste sentido a metodoloxía orientase ao traballo con proxectos tanto individuais como en grupo. As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en cursos anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Libro de texto
Libros e materias de lectura

Ordenador, proxector, son e conexión internet

PLataforma EDIXGAL.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

O libro de texto e os apuntamentos do profesor servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) se utilizarán para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. O dossier servirá de repositorio que ira elaborando o alumnado ao longo do curso

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita inicial que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rascos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	20	10	20	20	100
Proba escrita	40	30	50	60	40	45	43
Táboa de indicadores	60	70	50	40	60	55	57

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Realizaranse unha proba cara ó final de cada avaliación sobre a materia impartida; dita proba contará con unhas preguntas curtas e outra de desenvolvemento de cuestións máis complexas. As preguntas curtas cualificarase cun

máximo de 4 puntos e a pregunta de desenvolvemento cun máximo de 6.

Á cualificación obtida nos exames, será matizada polo traballo diario da aula, podendo ser incrementada ou diminuída ata un máximo de dous puntos polo traballo diario desenvolvido ou falta de traballo, atención ou presentación de tarefas requiridas ó longo do trimestre.

Estes dous puntos determinarase mediante anotacións do profesor nas que consten observacións positivas e negativas respecto da implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia, así como das intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, a razón de 0.2 puntos cada anotación positiva e -0.1 cada anotación negativa. A suma total destas observacións engadirase á nota obtida na avaliación.

As lecturas voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota (non máis dun 10% nota).

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas reais (con dous cedimais) das tres avaliacións parciais.

Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto..

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación do alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado superará a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolverán as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.

2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificaión organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimientoe e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de

orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpiada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpiada Filosófica	X	X	

Observacións:

A olimpiada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

Metodoloxía empregada
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento. Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Antropoloxía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	14

1. Introducción

O que diferencia claramente a antropoloxía doutras disciplinas veciñas é, sen lugar a dúbidas, o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a potente lente dunha análise obxectiva que, de seguro, debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e, sinaladamente, como ser social; e hoxe engadiriamos, global. Pero ademais, esta materia proporciona múltiples perspectivas xa que combina, dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e ópticas diversas. A rica combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de insuflarlles ás alumnas e aos alumnos un aire de comprensión e universalidade que os libere do cinto de etnocentrismo que a cotío preside as súas vidas.

Esta riqueza perspectivística pode axudar ao alumnado dun xeito determinante, por unha banda, a alcanzar unha fértil madurez como persoa e, por outra, a fixar e relacionar os diversos coñecementos que foi adquirindo na súa traxectoria académica: filosofía, bioloxía, linguas, historia, economía, arte, etc. Daquela, a Antropoloxía convértese por dereito propio nunha materia que, caracterizada pola súa inherente transversalidade, lle propoña ao alumnado a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica, crítica e construtiva. Pero é que a antropoloxía, como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, proporciónalle ao discente unha sorte de visión de amplo espectro que, de seguro, lle procura un horizonte de comprensión abstracto que pode axudalo, dun xeito moi específico e práctico, a entender de forma madura e intelixente o mundo global no que nos movemos e a incardinarse nel. E, desde logo, sen renunciar a achegar un punto de vista, antropoloxicamente mediado, da nosa realidade en Galicia. Ser quen de contrastar ou, por mellor dicir, examinar cientificamente outras crenzas e visións do mundo desde unha perspectiva eminentemente crítica é un obxectivo que se debe lograr para o enriquecemento do pensamento do alumnado e a súa propia autocomprensión como persoa galega.

O currículo da materia consta de catro bloques que reflicten a evolución histórica desta disciplina. Logo do primeiro, de carácter introdutorio, abórdanse tres bloques específicos. Comezando pola antropoloxía filosófica enfocada desde unha perspectiva histórica, pásase despois á antropoloxía físicobiolóxica, e finalízase facendo especial fincapé na antropoloxía sociocultural, na que ademais se lle presta unha atención específica á cultura galega mediante a realización dun traballo de campo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo.			2		11	1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía ven facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que puidesen constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas así como confrontándoas coas aportadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e darllo ao mundo.	1-2		2	1	40	3		1
OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou ás diferenzas entre individuos e grupos humanos.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-4		1
OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, a cultura e a interacción co medio ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-3-4		1
OBX5 - Entender ao ser humano como animal social, e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropológico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropológicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas.	1-2-5	3	2-4	1-2	40	1-2-3		1
OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre a mesma.	1-2-3	3	2-4	1-2	31-40	1-2-3	3	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. A antropoloxía como saber	O obxectivo desta unidade é que o alumnado adquira unha noción xeral da Antropoloxía como ciencia e as súas diferentes ramas, desde a antropoloxía biolóxica á antropoloxía filosófica, pasando pola antropoloxía cultural ou social.	20	20	X		
2	Antropoloxía filosófica	A unidade aborda a especificidade da antropoloxía filosófica fronte á física ou cultural. Despois de toda a diversidade que amosa a antropoloxía cultural e logo de repasar a liña de continuidade evolutiva do ser humano co animal, debe abordarse a cuestión de se hai algo común a todos os grupos humanos que nos identifique como ¿humanos¿. É unha unidade que propón cuestións filosóficas verbo da definición do ser humano e presenta algunha das respostas que se teñen dado a esta cuestión, pedíndolle ao alumnado que comeze a súa propia reflexión ao respecto.	20	10	X		
3	Antropoloxía física	A unidade pretende que o alumnado coñeza os principais momentos da evolución humana, as principais teorías sobre a súa orixe e a forma en que estas orixes poden influír sobre o noso presente. A unidade percorre os principais factores que interviron na evolución e a aparición da conduta especificamente humana: desenvolvemento cerebral, a relación man-cerebro, aparición da linguaxe, diferenzas sexuais.	30	40		X	
4	Antropoloxía sociocultural	Nesta unidade abórdanse os principais trazos das sociedades humanas e as súas diferenzas coas sociedades animais. Tamén se identifica e define o termo ¿cultura¿ e se especifican os seus elementos e a súa importancia no especial xeito de ¿ser humano¿. Nesta unidade aplícanse os conceptos aprendidos na unidade 6 ao contexto próximo: a realidade galega, abordando todos os elementos culturais, tal e como aparecen no noso contorno cultural. É unha unid	30	70		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	. A antropoloxía como saber	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	O que acordemos	PE	100
CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía.	O que acordemos		
CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes.	O que acordemos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía. - Definición. - Obxecto. - Fins. - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. - Ramas da antropoloxía. - Antropoloxía física. - Antropoloxía sociocultural. - Antropoloxía filosófica. - A antropoloxía e a súa relación con outros saberes.

UD	Título da UD	Duración
2	Antropoloxía filosófica	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar o papel da antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación.	O QUE ACORDEMOS	PE	100
CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica.	O que acordemos		
CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía.	O QUE ACORDEMOS		
CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía.	O que wacordemos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas. - A posición ontolóxica do ser humano. - As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política. - A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural. - A idea da natureza humana na tradición filosófica. - O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais. - Na filosofía antiga. - No medievo. - Do renacemento á ilustración. - Desde o século XIX. - A busca da especificidade humana. - Autoconsciencia e consciencia da finitude.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e o simbolismo. - A praxe en liberdade. - As paixóns e os afectos.

UD	Título da UD	Duración
3	Antropoloxía física	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas.	Idem	PE	100
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Idem		
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras.	Idem		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Coñece e comprende a especificidade e importancia do saber filosófico, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación.		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Selecciona e sistematiza información obtida de distintas fontes usando as novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información, de xeito significativo e argumentando con claridad e coherencia.	PE	90
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Comprende a complexidade da realidade humana e relaciónaa coas principais concepcións estéticas, identificando a súa impronta en elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.</p>	<p>Comprende a complexidade da realidade humana e relaciónaa coas principais concepcións éticas e co sentido da súa existencia.</p>		
<p>CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.</p>	<p>Comprende as manifestacións artísticas identificándoas como expresión da beleza, do sublime, da denuncia social así como os seus aspectos formais nos distintos ámbitos: literario, visual, ou auditivo.</p>		
<p>CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.</p>	<p>Identifica os problemas complexos da filosofía, os seus obxectivos, características, disciplinas, métodos e funcións, relacionándoos, paralelamente, con outros saberes de comprensión da realidade.</p>		
<p>CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Analiza e argumenta ideas filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, respetando a pluralidade.</p>	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.

Contidos

- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O compromiso dos membros deste departamento coa incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación vén xa desde fai tempo, porque estamos plenamente convencidos de que é posible acadar unha educación máis igualitaria, solidaria, significativa, profunda e crítica aproveitando de modo axeitado os recursos destas tecnoloxías. Durante estes últimos cursos fíxose máis relevante a utilización das mesmas debido ás múltiples incidencias ás que estivemos expostos, tales como abstencionismo, tanto de alumnos como de profesores, debido a sospeitas de contaxio ou enfermidades, confinamentos parciais ou total do Centro, etc., o que fixo máis necesaria a posta ao día no uso de recursos tecnolóxicos, tanto na busca e utilización de información, especialmente no caso do alumnado, como na creación de material e recursos que poidan ser utilizados de xeito non presencial, no caso do profesorado.

Ao mesmo tempo intentaremos non reproducir algúns dos erros da metodoloxía tradicional na nosa práctica, porque o uso de elementos informáticos, e recursos multimedia non garante sen máis os obxectivos que pretendemos cos novos recursos como:

Desenvolver a capacidade do alumnado de auto-aprendizaxe.

Valorar criticamente ás información e a súa fiabilidade.

Acceder a fontes de información silenciadas o marxinaadas.

Realizar aprendizaxes cooperativos.

Potenciar as habilidades creativas.

Facilitar a comunicación dos coñecementos adquiridos.

Favorecer a competencia dixital do alumnado.

Por este motivo:

Promovemos o uso de blogs específicos, como Aprender a vivir, para o seguimento das lecturas, traballos ou materias.

Incorporamos cursos na Aula Virtual, coa plataforma Moodle.

Engadiremos temas á Aula Virtual para se poida dispoñer deles para completar ou substituír as deficiencias que poda producir a educación non presencial.

Ofertamos materiais, exercicios interactivos e espazos para publicación de traballos do alumnado a través da web e da Aula Virtual do centro.

Incorporámonos á plataforma Webex Teams e Cisco Webex para desenvolver contidos de xeito telemático en substitución das clases presenciais se fose o caso.

Tamén poderemos usar esas plataformas para reunións de Departamento.

Como xa se ven facendo, subiremos á Aula Virtual do Centro algunhas clases gravadas, especialmente as correspondentes aos temas de segundo de bacharelato, en caso de que non se poidan realizar de xeito presencial.

Finalmente, incorporamos á plataforma E-DiXGAL todas as materias da ESO.

En caso de que se teña que botar man do ensino semi-presencial:

Previamente se manterá actualizada a aula virtual e actualizarase en caso de que non sexa así para que o alumnado poda seguir a secuenciación da programación da aula, manterase contacto con eles tamén a través do foro da Aula Virtual e do correo electrónico corporativo. Se poderá completar a formación dos alumnos que precisen a través de actividades como realización de tarefas: resumos, comentarios, exercicios, actividades de investigación etc., que serán supervisadas polo profesorado.

En caso de que se teña que botar man do ensino non presencial:

Os profesores poderán poñerse en contacto directo co alumnado e as súas familias a fin de contribuír á súa motivación, orientalos e resolver dúbidas a través do foro da Aula Virtual do Centro, así como por abalar ou polo

correo electrónico, tanto para proporcionar material que poida substituír ás clases presenciais como para a realización de actividades e seguimento das mesmas.

Todos os tratamentos e usos dos datos persoais realizaranse baixo os principios de confidencialidade, menor uso posible dos datos persoais (minimización) e uso exclusivo dos mesmos para a finalidade para a que son recollidos, que non é outra que a de posibilitar a referida actividade educativa, sen que poidan ser empregados para finalidades distintas posteriormente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto, aula virtual, presentacións en pantalla, exposicións maxistras, actividades culturais (viaxe cultural, visita a museos), elaboración de mapas conceptuais, textos e recursos visuais (vídeos, imaxes e audios).

A partir do libro de texto como elemento base, utilizaráanse outros recursos para ilustrar, completar e ampliar os contidos temáticos, aportando contido á aula virtual, realizando explicacións maxistras con presentacións en diferentes formatos (prize, power point, etc). Presentaranse asimesmo recursos visuais que poidan motivar, informar e chamar a atención sobre os temas tratados. Trataráse de que o alumnado realice traballos de síntese e de redacción, mediante a elaboración de árbores conceptuais e desenvolvemento de redaccións explicativas, a fin de que detecten os seus problemas específicos e a súas deficiencias e sexan quen de solventalos.

Intentarase realizar unha viaxe cultural a Atapuerca para visitar os xacementos e o Museo antropolóxico no que se poden tratar unha grande diversidade de problemáticas relacionadas coa materia, en especial co ser humano, a súa evolución e as formas de vida e socialización e os valores asociados a; así como a dependencia entre e o coñecemento e a concepción da realidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso, farase unha avaliación inicial consistente nunha serie de preguntas para comprobar o grao de coñecemento sobre algunhas ideas moi xerais e globais e detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como un texto para comprobar a capacidade de análise, síntese, argumentación e desenvolvemento compositivo, así como a súa correspondencia coa falta de desenvolvemento das competencias clave.

A partir da avaliación inicial e a lo longo do curso, o alumnado que o precise polas súas deficiencias, poderá ter unha adaptación non significativa do currículo. Nela tenderase a reforzar aqueles obxectivos, destrezas, competencias, contidos e nos que presenten un nivel de dominio máis baixo. Para este tipo de alumnado recoméndase insistir na realización de mapas conceptuais e resumos como medio para facilitar o dominio dos contidos e obxectivos mínimos, así como a elaboración dunha libreta onde se recolla o traballo de clase.

Tamén se procurará obter un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Os resultados da avaliación inicial servirán para detectar as diferencias nas condicións coas que parte o alumnado, de xeito que se podan programar actividades específicas, tales como lecturas, elaboración de árbores conceptuais, redaccións, etc) para corrixir carencias ou desenvolver competencias destacadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	12	9	9	9	10	9	3	10	6	6
Proba escrita	85	95	90	90	90	95	50	90	90	90
Táboa de indicadores	15	5	10	10	10	5	50	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	7	100
Proba escrita	90	90	89
Táboa de indicadores	10	10	11

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación en 1º de Bacharelato establecerase da seguinte maneira:

Haberá unha proba escrita de desenvolvemento dun tema en cada trimestre.

O resultado da proba terá un peso do 60 por cento da nota do trimestre. Para o 40% restante da nota farase unha ou varias probas que poderán conter preguntas de respostas máis curtas ou mesmo de tipo test, ou traballos propostos polo profesorado. A nota dese 40% será a media aritmética das probas realizadas.

Ista nota poderá ser aumentada ou diminuída ata dous puntos mediante a lectura de obras ou fragmentos das mesma proposta polos profesores, e valoradas con ata 0.5 puntos, así como da observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno que permita valorar o grado de implicación, a capacidade de aprender, a capacidade de expresión oral e o nivel de desenvolvemento da competencia social e cidadá. As valoracións de estas observacións deberán estar reflexadas no caderno de notas do profesor e cualificaranse con ata 0.2 puntos en caso de que observacións positivas e -0.1 en caso de que sexan negativas. A suma destas observacións engadirase a nota total obtida el apartado anteriores.

A nota de xuño será a media aritmética das tres avaliacións.

Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto.

Criterios de recuperación:

A principios do segundo e do terceiro trimestre farase un exame ao que se poderán presentar os alumnos que non acadasen un 4.5 na nota do trimestre anterior. Este exame constará de preguntas tipo test, preguntas para desenvolver, ou ambas e será calificado con ata 10 puntos. Na recuperación do terceiro trimestre se dará a posibilidade de optar a unha recuperación de toda a materia que constará dunha proba na que se prondrán preguntas de todo o curso.

A avaliación extraordinaria, para aqueles alumnos que non superaran a materia na avaliación ordinaria, constará de un exame, similar á proba de selectividade, no que entrará o contido de todo o curso, e que será calificado con ata 10 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A cualificación dos alumnos con materias pendentes farase mediante dúas avaliacións. En cada unha de elas deberán dar conta do contido do 50% da materia aproximadamente; na aula virtual do profesor expoñerase unha relación detallada dos temas que entran no exame de cada avaliación. A nota final será media das notas reais das dúas avaliacións, con dous decimais, redondeándose á nota superior a partir de 0.5 e á inferior si os decimais non chegan a 0.5. Ao final de curso farase un exame no que entrarán os contidos de toda a materia; a este exame poden presentarse todos aqueles alumnos que non acadaran un 5 na media das avaliacións anteriores.

No caso de que non se puideran facer os exames de xeito presencial faríanse de xeito telemático, podéndose levar a cabo, si se considerase convinte, una validación dos oral dos mesmos.

Non hai establecido horario para atención de estes alumnos, pero o profesorado atenderá as súas solicitudes e lles prestará a orientación que precisen ao longo do curso.

O seguimento do alumnado con materias pendentes levarase a cabo polo profesorado que lles imparta clase no curso actual; a elaboración das probas, así como a súa cualificación, correrán a cargo do xefe de departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento prestará especial atención a aqueles alumnos que amosen algunha necesidade especial, tanto si ven precedida de algún tipo de diagnóstico, como si é derivada da situación académica do alumnado en cuestión, como é o caso dos alumnos repetidores ou dos que teñan pendente algunha materia.

No primeiro caso se atenderán e aplicarán as indicacións do Departamento de orientación, tanto no relativo aos aspectos presenciais, como ás súas necesidades respecto das realizacións das probas.

Realizaranse probas específicas adaptadas ás necesidades de cada alumno, habilitando os medios para que dispoñan de máis tempo para a realización das mesmas si é preciso ou para que podan facelas nas necesarias condicións, como os tipos de preguntas e o formato das probas (tipografía, tipo de letra, etc.), a utilización de mesas específicas, etc.

No segundo caso, mediante accións dirixidas a vixilancia da súa atención en clase, do seu grao de entendemento das explicacións ou de realización das tarefas, tomando as medidas oportunas para intentar resolver as súas dificultades. Propóranse actividades específicas de ampliación ou redución (sempre dentro dos estándares de aprendizaxe avaliáveis) para aquelas/es alumnas/os que por exceso ou por defecto así o requiran (podendo ser estes: lectura de libros, visionado de series documentais ou filmes, vídeos de distintas plataformas dixitais ou audiolibros) integrando deste xeito as competencias en TIC.)

Avaliaranse os contidos correspondentes a cada unidade segmentando as actividades mais complexas en outras mais curtas e limitarase o seu número. As probas escritas pódense adaptar, podendo complementarse de forma oral ou realízalas en computador no caso de presentar dificultades de escritura.

Teranse en conta tamén as posibilidades do alumnado para acceder aos distintos medios e soportes analóxicos e dixitais.

A materia de Filosofía en primeiro de bacharelato parte do suposto de os alumnos non recibiron ensinanza específica de Filosofía e nas materias de Valores éticos dos cursos da ESO adoitase comezar con algúns conceptos xerais (diferencia entre moral e ética, diferenza entre ética e política, transcendencia, universalidade, filosofía práctica, etc.) antes de entrar nos contidos específicos do curso; en todo caso convén insistir na necesidade de facelo ao comezo de curso e, logo da avaliación inicial, detectaranse aqueles aspectos nos que sexa necesario incidir de xeito especial.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X	X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores								
ET.8 - Igualdade de xénero								
ET.9 - Creatividade		X			X			
ET.10 - A democracia, o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade cultural e política, e o respecto polo Estado de dereito.								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	
ET.9 - Creatividade				X
ET.10 - A democracia, o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade cultural e política, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe de estudos	Realización dunha viaxe de estudos a Atapuerca relacionado coa evolución do ser humano.	X		

Observacións:

No Departamento de Filosofía estíbese a valorar a programación, en primeiro de bacharelato, dunha viaxe cultural a Burgos para visitar os xacementos, o museo e o Centro de Arqueoloxía de Atapuerca; pensamos que podía ser un bo estímulo e completaría o estudo do bloque temático do ser humano.

Se fomentará a participación do alumnado na X edición da Olimpíada Filosófica. polo que propoñeremos aos alumnos a participación voluntaria nalgunha das categorías. Dita participación valorarase na nota de final de curso dalgún xeito que se determinará nunha reunión do Departamento. Os membros do Departamento actuarán como xuíces á hora de realizar a escolla dos traballos a presentar polo Centro na edición autonómica.

O Departamento tentará concertar unha visita ao Parlamento de Galicia e outra, destinada á materia de Valores Cívicos Éticos, a Audiencia provincial de Pontevedra para asistir a un xuízo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
A programación facilitou a flexibilidade das clases para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.
Utilizáronse diferentes procedementos e instrumentos de avaliación que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.
Metodoloxía empregada
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos mesmos.
Antes de iniciar una actividade fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.
Antes de iniciar unha actividade expúxose o plan de traballo, xustificándoo e informando sobre os criterios de avaliación.
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e construíronse sobre os seus coñecementos previos
Ofreceuse ao alumnado un mapa conceptual do tema .

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas foron variadas e favoreceron a adquisición das competencias claves.
A distribución do tempo na aula foi a adecuada.
Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.)
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información, redacción e organización dos traballos, etc
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se acadou en primeira instancia.
Os alumnos tiveron ferramentas de autocorrección , autoavaliación e coevaluación.
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia.
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.
Clima de traballo na aula
Utilizáronse estratexias para comprobar que os alumnos estaban entendendo e, no seu caso, que souberan pedir explicacións.
Favoreceuse a elaboración de normas de funcionamento na aula.
Realizáronse actividades grupais.
O ambiente en clase foi adecuado e produtivo.
Proporcionouse aos alumnes información sobre o seu progreso.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.
Existiu coordinación entre profesores.
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación.

Descrición:

A avaliación da práctica docente debe enfocarse a lo menos con relación aos momentos do exercicio:

- ¿ 1. Programación.
- ¿ 2. Desenvolvemento.
- ¿ 3. Avaliación.

Os indicadores de logros pretenden dar conta destes tres apartados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Propónse a avaliación de 1 a 10 de cada un dos seguintes items, con observación referentes á avaliación negativa dos mesmos:

No que se refire á programación, analizarase:

- 1.- Si a selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
- 2.- Si a programación facilitou a flexibilidade das clases para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.
- 3.- Si os criterios de avaliación e calificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos mesmos.
- 4.- Si a programación se realizou en coordinación co resto do profesorado.

No que respecta ao desenvolvemento, analizarase:

- 1.- Si antes de iniciar unha actividade fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.
- 2.- Si antes de iniciar unha actividade expúxose o plan de traballo, xustificándoo e informando sobre os criterios de avaliación.
- 3.- Si os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e construíronse sobre os seus coñecementos previos.
- 4.- Si se freceu ao alumnado un mapa conceptual do tema.
- 5.- Si as actividades propostas foron variadas e favoreceron a adquisición das competencias claves.
- 6.- Si a distribución do tempo na aula foi a adecuada.
- 7.- Si se utilizaron recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.)
- 8.- Si se utilizaron estratexias para comprobar que os alumnos estaban entendendo e, no seu caso, que souberan pedir explicacións.
- 9.- Si se facilitaron aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información, redacción e organización dos traballos, etc.
- 10.- Si se favoreceu a elaboración de normas de funcionamento na aula.
- 11.- Si se realizaron actividades grupais.
- 12.- Si o ambiente en clase foi adecuado e produtivo.
- 13.- Si se proporcionou aos alumnos información sobre o seu progreso.
- 14.- Si se proporcionaron actividades alternativas cando o obxectivo non se acadou en primeira instancia.
- 15.- Si existiu coordinación entre profesores.

En canto á avaliación:

- 1.- Comprobarase si se realizou unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
- 2.- Analizaranse os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.
- 3.- Analizarase a eficacia das actividades e procedementos para recuperar a materia.
- 4.- Contemplarase si os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.
- 6.- Comprobarase si os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da filosofía	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto XX/2022 de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tivose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. A introdución á reflexión filosófica nesta materia afróntase cunha perspectiva histórica. Os modelos clásicos cos que se ten respondido aos problemas filosóficos universais e fundacionais desde a reflexión crítica e racional son estudados dende o século VII a.C ata o presente. Coa intención de por un lado de promover a madurez persoal e social do alumnado tanto teóricamente como na práctica, ao mesmo tempo que un achegamento crítico aos grandes contidos teóricos da disciplina.

Neste sentido Historia da filosofía é unha introdución a filosofía centrada en tres finalidades:

- 1) Ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundacionais do ser humano ao longo da historia;
- 2) Fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e
- 3) Adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un mesmo e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

Esta introdución á filosofía fomenta a adquisición no alumnado de:

- a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos ao longo da historia
- b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas
- c) o pensamento autónomo e rigoroso
- d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

A materia, sendo obrigatoria con 3 horas semanais, organizase cunha metodoloxía para favorecer unha aprendizaxe significativa. Nos dous primeiros trimestres traballarase coa historia da filosofía ata o século XIX, coa adquisición das ferramentas necesarias para a redación de comentarios de textos cos criterios das probas de acceso a universidade. Os criterios de avaliación e os mínimos indicadores de logro están diseñados cos obxectivos indicados e tendo en conta os criterios destas probas de acceso. A programación desenvólvese nunha avaliación continua

Esta programación se desenvolve nun IES situado no centro da cidade, ao que asiste maioritariamente alumnado perenente a familias de clase media.

O grupo de 2 de Bacharelato da materia está formado por alumnos e alumnas de entre 16 e 17 anos (recoller datos pertinentes para a materia).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, analizar, interpretar, producir e transmitir información relativa a feitos histórico-filosóficos, a partir do uso crítico e seguro de fontes e o dominio de técnicas sinxelas de investigación, para xerar coñecementos e producións propias sobre a historia dos problemas e ideas filosóficos.	1-2-3			1-3	40	3	3	
OBX2 - Recoñecer as normas e pautas da argumentación e o diálogo filosóficos, mediante a súa identificación e análise en distintos soportes e a través de diversas actividades, para aplicarlas con rigor na construción e exposición de argumentos e no exercicio do diálogo cos demais.	1-5		1		31	2-3		1-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Comprender e expresar diferentes concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante o achegamento ás súas fontes e o traballo crítico sobre estas, para desenvolver o coñecemento dun acervo que constitúe parte esencial do patrimonio cultural común.						1-2-3		1
OBX4 - Recoñecer a natureza esencialmente plural e diversa das concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante a súa posta en relación dialéctica, de confrontación e complementariedade, para xerar unha concepción complexa e dinámica da historia do pensamento, e promover unha actitude tolerante e comprometida coa resolución racional e dialogada dos conflitos.	2					1-2-3		
OBX5 - Recoñecer o modo en que se formularon sucesivamente, a través de distintas épocas e concepcións filosóficas, os mesmos problemas filosóficos, mediante a análise e interpretación de textos e outros modos de expresión filosófica ou máis amplamente culturais historicamente dados, para afrontar tales problemas a partir da reflexión crítica sobre o coñecemento do achegado pola tradición.	2					1-2-3		1
OBX6 - Recoñecer as formas diversas en que os interrogantes filosóficos e os seus intentos de resposta se presentaron historicamente noutros ámbitos da cultura, mediante a análise interpretativa de textos e outras manifestacións pertencentes a eses ámbitos, para promover unha concepción sistemática, relacional e complexa da historia da cultura occidental e do papel das ideas filosóficas nela.	2					1-2-3		1
OBX7 - Analizar problemas fundamentais e de actualidade, mediante a exposición crítica de distintas posicións histórico-filosóficas relevantes para a comprensión e discusión daqueles, para desenvolver a autonomía de xuízo e promover actitudes e accións cívica e eticamente consecuentes.					40	1-2-3-4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Filosofía Grega	Introdución ao inicio da filosofía na sociedade androcéntrica Grega: Platón e Aristóteles	20	15	X		
2	Filosofía medieval	A produción filosófica da sociedade feudal cristiá europea	10	10	X		
3	Filosofía moderna	A filosofía europea do renacemento: revolución científica e política	15	15		X	
4	Filosofía Ilustrada	A filosofía ilustrada: os dereitos e os deberes da cidadanía	20	15		X	
5	Filosofía contemporánea: século XIX	As filosofías críticas no capitalismo europeo	20	17			X
6	Filosofía séculos XX e XXI	Filosofía tras as guerras mundiais na sociedade global postmoderna: feminismos.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Filosofía Grega	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	64
CA1.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA1.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófica ao longo da historia.		
CA1.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA1.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA1.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosóficamente relevantes.	Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental		
CA1.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora un traballo de investigación con conclusións propias	TI	36
CA1.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA1.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		
CA1.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á historia da filosofía. - A universalidade dos problemas aos que se enfrenta.

Contidos

- A historicidade das concepcións filosóficas propostas.
- Os métodos de traballo en historia da filosofía.
- O xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos.
- A orixe grega da filosofía occidental. A filosofía noutras tradicións culturais.
- A cosmovisión mítica.
- A teorización filosófica como proposta dunha cosmovisión racional.
- O pensamento dos presocráticos sobre a realidade.
- O século V, o esplendor de Atenas.
- A democracia ateniense e a época de Pericles.
- Aspasia de Mileto e o papel da muller na cultura e na filosofía gregas.
- A reflexión sofista sobre o individuo e a cidadanía.
- A figura de Sócrates e o compromiso coa polis.
- O problema da realidade.
- A solución platónica: a teoría das ideas e o dualismo ontolóxico e a súa problematicidade.
- As críticas aristotélicas á teoría das ideas. Hilemorfismo, teoría das causas e teleoloxismo na natureza.
- O problema do coñecemento.
- Os conceptos universais en Sócrates.
- A teoría platónica do coñecemento. A dialéctica como saber. A reminiscencia.
- O proceso de coñecemento segundo Aristóteles. Experiencia sensible e o traballo do entendemento.
- A antropoloxía na filosofía clásica.
- O método socrático e o coñecemento de si.
- O dualismo antropolóxico platónico. A teoría da alma.
- As funcións da alma en Aristóteles.
- A discusión ética.
- O intelectualismo socrático.
- A fundamentación teórica da xustiza e as virtudes en Platón.
- Eudemonismo e virtudes na ética aristotélica.
- O debate político.
- O isomorfismo ético-político en Platón: o estado xusto e o papel da educación.
- O ser humano como animal político. A reflexión aristotélica sobre a polis.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A época helenística. - Alexandre Magno. Da polis ao imperio. - Filosofía, ciencia e cultura no helenismo. A figura de Hipatia de Alexandría. - As grandes escolas morais no helenismo. Estoicismo e epicureísmo.

UD	Título da UD	Duración
2	Filosofía medieval	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	64
CA2.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA2.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia.		
CA2.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico		
CA2.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA2.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental		
CA2.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora un traballo de investigación con conclusións propias		
CA2.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
